


# SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA




DIRIXIDO A PERSOAS CON DANO CEREBRAL  
ADQUIRIDO E AS SÚAS FAMILIAS  
E AS ASOCIACIÓNS MEMBRO DE FEGADACE

**FEGADACE**  
FEDERACIÓN }  
GALEGA DE }  
DANO CEREBRAL }

## ÍNDICE

1. Que é este servizo?.....	3
2. A quen vai dirixido? .....	3
3. Que accións inclúe?.....	3
4. Alcance do servizo .....	4
5. Como acceder ao servizo de asesoramento individual? .....	5
5.1. Como se solicitan as consultas?.....	5
5.2. Cal é o seu custo? .....	5
5.3. Cando se poden enviar as consultas? .....	5
5.4. Como atendemos as consultas? .....	5
6. Charlas / accións formativo-divulgativas.....	6



## 1. QUE É ESTE SERVIZO?

As persoas con dano cerebral adquirido galegas e as súas familias, así como as e os profesionais das asociacións de FEGADACE, terán á súa disposición un servizo de asesoramento legal, destinado a informar e aconsellar ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias nas dúbidas de carácter legal e xurídico que poidan ter en relación a calquera tema relacionado coa situación derivada da irrupción da discapacidade en toda a súa complexidade de aspectos.

A persoa colaboradora para a prestación do servizo é: Miguel Vieito Villar<sup>1</sup>

## 2. A QUEN VAI DIRIXIDO?

O servizo de asesoría legal e xurídica de FEGADACE está orientado a informar e asesorar a persoas con discapacidade por dano cerebral adquirido e ás súas familias, sempre que sexan persoas e/ou familias asociadas/usuarios das asociacións membro da federación.

Así mesmo, o servizo incluírá o asesoramento ás asociacións federadas, naquelas cuestións que teñan a ver coas funcións e materias propias da función asociativa/directiva.

## 3. QUE ACCIÓNS INCLÚE?

As accións comprendidas estrutúranse nos seguintes eixos:

1. Consultas/asesoramento individual.- para o exercicio de dereitos e cuestións legais que poidan xurdir ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias. Comprendería, entre outras, as seguintes liñas:
  - a. Medidas de apoio á capacidade xurídica das persoas con discapacidade: asesoramento sobre curatela, garda de feito e apoderamentos preventivos: tanto na forma de medidas de apoio voluntarias como xudiciais e o seu procedemento.
  - b. Incapacitación xudicial do anterior sistema: asesoramento en todos os trámites vencellados á revisión de sentencias de tutelas ou patrias potestades prorrogadas ou rehabilitadas para a súa adaptación ao novo sistema de apoio á capacidade xurídica.
  - c. Patrimonio protexido: información sobre os trámites de constitución, requisito e tramitación.
  - d. Procedementos sucesorios: planificación e trámite de herdanzas e pactos sucesorios (mellora e apartamento); tanto na súa vertente tributaria como civil
  - e. Dereitos sanitarios: reclamacións por danos en saúde e/ou actuación fronte a negación de servizos

---

1 Na Internet (<https://www.miguelvieito.gal>) podedes atopar maior información ao respecto.



- f. Mediación e mecanismos de solución alternativa de conflitos, incluídos aqueles en ámbito familiar
  - g. Dependencia.
  - h. Propiedade horizontal e accesibilidade.
  - i. Outros relacionados, a valorar, en función da demanda.
2. Situacións de discriminación e vulneración de dereitos: primeira orientación e acompañamento ante casos de discriminación ou trato desigual que sufran as persoas con dano cerebral, por razón da súa discapacidade, as súas familias ou as entidades integrantes de FEGADACE.
  3. Casos de violencia: asesoramento legal e acompañamento ante situacións de abuso ou malos tratos sufridos por persoas con dano cerebral adquirido, facendo unha especial atención á violencia de xénero.
  4. Asesoramento a profesionais das entidades federadas sobre cuestións legais que afecten ao ámbito de actuación da Federación Galega de Dano Cerebral.
  5. Formación e divulgación: sesións informativas e formativas sobre temas de interese para o colectivo de dano cerebral adquirido, accións de visibilización e incidencia social e política, asegurando o acceso universal e equitativo á xustiza, desenvolvemento de informes xurídicos, materiais e outros para a realización das anteriores accións de formación e información.

## 4. ALCANCE DO SERVIZO

A orientación xurídica ofrecida mediante este servizo alcanza unicamente a un primeiro consello e recomendacións de actuación á persoa ou entidade que solicitaron o apoio, unha vez examinados os supostos de feito denunciados ou postos en coñecemento da entidade. FEGADACE non asume en ningún caso a asistencia xurídica directa e continua (servizos de avogado/a e procurador/a, redacción e presentación de escritos...).

Tanto os supostos que FEGADACE poida atender, ofrecendo unha primeira orientación, como os que queden descartados por non encaixar nos criterios sinalados anteriormente, derivaranse, sempre co consentimento previo da persoa que consulta ou denuncia e de acordo coa normativa de protección de datos, ofrecendo a información dispoñible, cara recursos públicos e privados existentes que poidan prestar unha axuda máis intensa (asesorías xurídicas de organismos públicos e de entidades da discapacidade, servizos de orientación dos Colexios de Avogados, quenda de oficio, órganos xurisdicionais e oficinas do Ministerio Fiscal, órganos de supervisión e fiscalización como o Consello Nacional da Discapacidade, etc.).



Porén, de modo colateral á creación do servizo, a persoa que se encarga do mesmo, avogado en exercicio e mediador, ofrece ás persoas que precisen da asistencia xurídica directa e continua unha redución da minuta habitual polos trámites do asunto, do 20%.

## 5. COMO ACCEDER AO SERVIZO DE ASESORAMENTO INDIVIDUAL?

### 5.1. Como se solicitan as consultas?

Existen dúas posibilidades para solicitar as consultas:

- (i) Prioritariamente, o acceso ao servizo realizarase a través das traballadoras sociais da entidade de referencia das persoas con dano cerebral adquirido e a súa familia, ou directamente pola profesional.
- (ii) Por escrito a través da Ficha de Consultas individuais ([descarga aquí](#) ou [accede ao formulario online](#)).

Para calquera das dúas modalidades, o correo de contacto é: [legal@fegadace.org](mailto:legal@fegadace.org). Unha vez recibida a consulta, poñerémonos en contacto coas persoas que contactan o antes posible para recoller toda a información e documentación necesaria sobre a situación demandada, para poder dar unha resposta áxil e acorde á necesidade.

### 5.2. Cal é o seu custo?

Trátase dun servizo **gratuíto e confidencial**, financiado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a través de diferentes fontes de financiamento así como con cargo a recursos propios da federación.

### 5.3. Cando se poden enviar as consultas?

As consultas poderán cursarse en calquera momento, en función da necesidade. Cando estas requiran unha consulta/entrevista individual as persoas deberán enviar a solicitude cunha antelación de 7 días antes da data da sesión individual, para permitir a análise detallada.

### 5.4. Como atendemos as consultas?

Atenderemos as consultas por orde de chegada, agás nos casos de extrema urxencia, polo motivo e a temporalidade da consulta. A persoa responsable do servizo poderá atender as consultas presencialmente ou a través de vídeo-chamada por calquera canle posible para ambas partes (Skype, Zoom, Teams, WhatsApp).



As consultas presentadas resolveranse en diferentes prazos en función da súa complexidade: prazo non superior a 72h para consultas breves, de 7 días máximo para complexas, e de ata 25 días para a finalización de informes escritos.

O horario preferente de atención ás consultas e peticións será de 11 a 14 horas da mañá e de 17 a 20 horas da tarde.

## 6. CHARLAS / ACCIÓNS FORMATIVO-DIVULGATIVAS

Coas charlas / accións formativo-divulgativas achegaranse os temas xurídicos de relevancia dun xeito próximo ás persoas con dano cerebral adquirido, ás súas familias, ás profesionais do movemento asociativo do dano cerebral galego, ben como a calquera persoas con dano cerebral, independentemente de formar parte dunha asociación.

Estas charlas poderán organizarse de dúas formas:

- Por iniciativa da federación, de maneira global para todo o movemento asociativo e cidadanía galega. Sobre temáticas detectadas como prioritarias, ben polas profesionais das entidades, da federación, como polas persoas con dano cerebral.
- A petición das entidades federadas. Cada asociación membro poderá presentar unha solicitude por escrito, cubrindo ficha de solicitude de charla xurídica ([descarga aquí](#) ou [accede ao formulario online](#)) e enviando con unha antelación mínima de 3 semanas á data de celebración solicitada/proposta, por correo electrónico ao enderezo [legal@fegadace.org](mailto:legal@fegadace.org).

Celebraranse preferentemente en horario laboral, de luns a venres. A Federación acordará a data, horario, lugar e forma de realización, coa persoa responsable do servizo para que se adapte ás necesidades da entidade solicitante.

A persoa encargada de impartir a acción será a responsable do servizo xurídico, e farao mediante dúas posibilidades de formato:

- Presencial, que no caso de ser a petición dunha asociación, será no espazo que a asociación solicitante facilite. Pasarase sempre un listado de asistencia e un cuestionario de avaliación. Requirirase unha participación mínima de 10 persoas.
- Online, a través da plataforma Zoom ou similares. Enviarase un enlace por correo electrónico ás persoas interesadas e cuxa lista sería facilitada pola asociación á federación.

A duración determinarase en función da temática a expor, e non excederá as 2 horas.

